



PLAN DIXITAL

CEIP O CANTEL

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP O CANTEL
 Pintor Laxeiro s/n 27780 Foz
 Teléf: 982 870314/15
 e-mail: ceip.ocantel@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipocantel
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipocantel/aulavirtual/>

ETAPAS EDUCATIVAS	<i>Infantil e Primaria</i>
Nº PROFESORADO CENTRO	<i>18</i>
Nº ALUMNADO	<i>185 (Infantil 50 / Primaria 135)</i>
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	<i>Comedor escolar (xestión directa) e Transporte.</i>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- En canto as características socioeconómicas e culturais do contexto do centro comentar que a zona de influencia do centro abrangue tanto zonas do casco urbano como diferentes parroquias do concello. Nos derradeiros anos estamos notando un incremento de alumnado procedente do casco urbano e das súas zonas periféricas debido ao incremento de novas edificacións nestas zonas. Esta nova situación debemos tela en conta dado que levou aparelado un descenso do alumnado procedente do rural. En canto á actividade económica a maioría das familias están a desenvolver a súa actividade profesional no sector servizos. No que se refire á comunidade escolar, a idade dos proxenitores está comprendida entre os 25 e 45 anos e posúen un grao de formación media. Predominan as familias con 1 ou 2 fillos/as nas que habitualmente traballan os dous membros da unidade familiar, o que implica que moito do noso alumnado quede ao cargo dos avós. Debemos ter en conta tamén que contamos con alumnado inmigrante, maioritariamente de orixe marroquí. A lingua materna predominante no centro é o galego.*
- O Proxecto Educativo de centro pasará a incluír o Plan Dixital no seu Capítulo III dentro do apartado Plans e Programas. O centro participa no Proxecto E-Dixgal dende o curso 19/20.*
- O Plan Dixital pasará a formar parte da Programación Xeral Anual do vindeiro curso 22/23, momento no cal se implementará dito plan e se levarán a cabo todas as accións estipuladas nel.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*
- *Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os seguintes principios:*
 - *A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.*
 - *O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.*
 - *A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.*

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do presente Plan Dixital levouse a cabo coa constitución do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e a través do Plan de Formación do centro do cal formaron un total de 9 mestres.

As persoas que constitúen actualmente este Equipo de Dinamización e que polo tanto deseñaron a versión 1.0 deste plan foron as seguintes:

Adela Seijo Cao: coordinadora do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Francisco José Franco Paleo: coordinador do Plan de Formación de Profesorado de centro.

Benilde Vidal Álvarez, Raquel Rodríguez Paz, Victoria Blanco Iglesias, Sonia Fernández Amor, Selene Calvo Vázquez, Concepción Fraga Fernández, Hermenegildo Suárez Otero.

O Plan Dixital de centro concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Para a elaboración deste plan realizouse a análise da situación de partida a través da ferramenta de autoavaliación SELFIE e do test CDD, para poder ter unha diagnose clara para o posterior deseño e elaboración do plan dixital.

Realizouse tamén un DAFO do centro, analizando as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades de cada ámbito do centro o cal foi o paso previo para determinar os obxectivos iniciais deste plan.

A implementación efectiva deste plan producirase no curso 22/23 e estará sometido a un proceso de avaliación constante e continua mellora, desenvolvendo futuras versións do mesmo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *En canto á infraestrutura dixital do centro comentar que actualmente a conectividade non é moi boa, agás nas aulas que contan co proxecto E-Dixgal, pero no resto do centro a conectividade sen fíos funciona bastante mal.*
- *Equipamento dispoñible: contamos con 4 aulas dixitalizadas dotadas co proxecto Abalar das cales 2 teñen os recursos materiais do proxecto E-Dixgal. O resto das aulas do centro contan con equipos excesivamente obsoletos e con proxectores moi antigos dos cales non hai existencia de pezas para poder reparalos. En canto aos equipos de xestión e administración contamos con 3 equipos destinados ao uso de dirección, xefatura e secretaría. Na biblioteca contamos cun equipo obsoleto para catalogado e préstamos e non temos ningún punto de acceso para a consulta do alumnado. Na sala de profesorado contamos soamente cun equipo para uso de todo o profesorado, o cal é insuficiente. O departamento de orientación conta cun equipo de traballo. Contamos cunha aula de informática a cal foi dotada polo centro con 4 equipos reacondicionados e que os 12 restantes cos que conta están completamente obsoletos.*
- *Servizos dixitais educativos: contamos cos servizos corporativos que facilitan a xestión docente como son a páxina web do centro, a aula virtual, espazoAbalar, Abalarmóbil, o proxecto E-Dixgal.*
- *En canto á xestión do mantemento do equipamento do centro destacar que o mantemento é realizado por unha empresa externa xunto coa coordinadora TIC.*
- *O Plan de Continxencia do centro recolle o protocolo de actuación en relación ao emprego da aula virtual e do proxecto E-Dixgal.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregouse a ferramenta de **Autoavaliación SELFIE** a partir da cal recollimos a información do resumo das áreas da etapa educativa de primaria tal e como se indica na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	4				
	Alumnado					

B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,4			
	Profesorado	3,5			
	Alumnado	4,2			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,4			
	Profesorado	3,5			
	Alumnado	4,5			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4			
	Profesorado	4,1			
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5			
	Profesorado	3,8			
	Alumnado				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1			
	Profesorado	3,2			
	Alumnado	4,1			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3			
	Profesorado	3			
	Alumnado				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5			
	Profesorado	3,8			
	Alumnado	4,5			

Nas seguintes táboas recollemos os datos obtidos a través do informe grupal do **Test CDD** de centro, en relación co perfil do profesorado participante:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	15	86,7%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,4	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	51,7	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM.	76,4	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	11,1%
A2	10	55,6%
B1	2	11,1%

B2	3	16,7%
C1	0	0%
C2	1	5,6%
TOTAL	18	100,1%

Outras fontes: análise e reflexión por parte de todo o profesorado dos datos obtidos.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Centro dotado de recursos dixitais. Dispónse dunha empresa local para a asistencia técnica de urxencia de forma habitual. O alumnado de 5º e 6º está dotado de dispositivos dixitais (Edixgal).	A maior parte dos equipos precisan renovación pola súa antigüidade. O acceso a Internet é moi deficitario pola pobre conexión coa que conta o centro. Necesidade de reestruturación dos espazos físicos adicados ás TIC para a súa integración/inclusión dentro das aulas.
	PERSOAL DOCENTE	Interese/motivación no desenvolvemento da estratexia dixital. Claustro motivado para empregar metodoloxías dixitais/novas tecnoloxías. Debates e analizamos sobre o uso das tecnoloxías no centro. O claustro coñece as posibilidades de formación continua. O claustro é consciente da existencia de recursos educativos en liña. Uso de ferramentas corporativas para a comunicación da comunidade educativa. Emprego de recursos educativos abertos. Hai iniciativa para adaptar as necesidades do alumnado a través das TIC. Iniciación en proxectos interdisciplinares "Seccións Bilingües", "eTwinning".	Necesidade dun coñecemento máis profundo sobre a protección de datos dixitais, licenzas de autor ou dereitos de uso. Escasa/nula colaboración con outros centros ou organismos en relación ás TIC. Parte do claustro é reacio a participar en actividades de formación continua. O emprego de contornas virtuais de aprendizaxe está en desenvolvemento. Necesidade a aumentar a creatividade a través das TIC. Diferenza notable nas prácticas de avaliación entre os cursos Edixgal e o resto. Falta de coñecemento para a creación de recursos dixitais. Claustro estable pero pouco dinámico e resolutivo.
	PERSOAL NON DOCENTE	Boa disposición para colaborar. Estabilidade no posto de traballo. (conserxe)	
	ALUMNADO	Bo uso no emprego das contornas virtuais de aprendizaxe nos cursos Edixgal. Comportamento seguro e responsable no uso das TIC. Alta capacidade para comunicarse a través das TIC. Alumnado motivado pola competencia dixital.	Pouca capacidade de creación de contidos dixitais. Marxe de mellora do alumnado para verificar a calidade da información e o recoñecemento do traballo dos demais.
	FAMILIAS	Teñen á súa disposición dispositivos dixitais.	Dificultades para a utilización produtiva dos dispositivos dixitais cos que contan. Falta de competencia dixital a nivel usuario en moitas familias.
	OFERTA		

	Existe oferta de formación tanto en Plateaga como de forma presencial.	Non existe oferta de formación presencial na Mariña de Lugo. Demanda de máis horas presenciais nos cursos de formación. Falta de adecuación aos horarios de traballo en caso de necesidade de mobilidade. Incompatibilidade co horario lectivo. Necesidade de individualizar as formacións. Necesidade de empregar recursos de software con licenza para a realización dalgúns cursos.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Interese por ter unha estratexia dixital ben definida.	Estratexia dixital con moita marxe de mellora. Falta de tempo dentro do horario lectivo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta do Proxecto Edixgal para Educación Primaria.	Escasa/ pouco eficaz asistencia técnica para resolver problemas dixitais por parte da Consellería (só Edixgal) Ratios moi altas. Carga lectiva moi alta. Falta de partidas específicas para recursos tecnolóxicos. Nula dotación de equipamento tecnolóxico para os centros, así como nula renovación e asistencia técnica para o equipamento existente. Falta de dispoñibilidade horaria para os coordinadores TIC/ Edixgal. Necesidade de máis horas específicas para levar a cabo a súa función.
	LEXISLACIÓN	Existencia dun marco lexislativo.	Excesiva burocracia que ocupa moito tempo a maiores do traballo de aula. Pautas pouco concretas para a resolución de problemas específicos. Necesidade dun marco lexislativo máis concreto, actualmente é moi aberto.
	CONTORNA		Alumnado inmigrante. Existencia dunha brecha dixital importante. Nivel socio-económico medio-baixo.
	ANPA	Existencia dunha ANPA.	Existencia de diferenzas notables entre o centro e a ANPA. Descoñecemento da organización e o funcionamento dun centro educativo. Descoñecemento ou confusión das funcións dunha ANPA.
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración coas Facultades de Maxisterio (Practicum, Actividades deportivas...)	
	FORMACIÓN DO PROFESORADO	Posibilidade de plan de formación específico no centro. Actividades de formación individual no ámbito do CFR.	Desmotivación para participar en actividades de formación pola alta carga lectiva e o exceso de burocracia. Cada vez menos oferta de actividades individuais no ámbito do CFR. Desprazamento a outras provincias para obter formación específica.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

Ver táboas para cada obxectivo do Plan de Acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para poder establecer un Plan de Acción coherente e axustado á realidade do centro leváronse a cabo os seguintes pasos:

- *Autoavaliación SELFIE por parte do profesorado do centro e do alumnado de 5º e 6º de Primaria.*
- *Realización do Test CDD por parte do profesorado.*
- *Análise DAFO: a cal nos permitiu ter coñecemento da realidade do centro no eido dixital e na elaboración posterior dos obxectivos e as accións deseñadas para cada un deles, contextualizados nas áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.*
- *A través destes instrumentos levouse a cabo unha reflexión e valoración por parte do profesorado para poder establecer os obxectivos a acadar e as accións correspondentes para cada un deles.*

Os obxectivos determinados neste plan dixital están vinculados e contextualizados nas áreas de mellora do marco DigCompOrg.

As áreas de mellora e os obxectivos establecidos son os seguintes:

Área de mellora: Liderado.

Obxectivo: Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.

Accións: Crear un grupo de traballo encargado da formación e mentorización sobre o programa AbalarPro. Fomentar a titorización entre iguais para forma as persoas titoras na ferramenta AbalarPro. Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas.

Área de mellora: Infraestruturas e equipamento.

Obxectivo: Actualizar os dispositivos dixitais do centro.

Accións: Determinar as necesidades de cada equipo do centro. Actualizar o software dos equipos do centro a unha versión máis recente. Solicitar e instalar os discos duros sólidos e ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos.

Área de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos.

Obxectivo: Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado de 2º ciclo de E. Primaria.

Accións: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro. Publicar as actividades nos cursos correspondentes na AV do centro. Traballar co alumnado nas actividades creadas.

Ver táboas para cada obxectivo do Plan de Acción: responsable, indicadores, valores de partida e de chegada, temporización e recursos necesarios.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade de mellora da infraestructura tecnolóxica como a conectividade da rede sen fíos en todo o centro.

Necesidade de equipamento

- *Aula de informática: precísanse equipos novos. Actualmente contamos con equipos obsoletos. Tamén unha impresora conectada en rede a todos os equipos.*
- *Dixitalización de 11 aulas as cales contan con equipos e proxectores obsoletos.*
- *Equipos para uso na sala de profesorado: o profesorado debe dispoñer de equipos na sala de profesorado para poder xestionar o traballo diario.*
- *Equipos para uso na biblioteca: contamos cun equipo obsoleto. Precísase un equipo para a xestión da biblioteca, do catálogo, de préstamo... Tamén para facilitar e dinamizar o uso da biblioteca como sitio e acceso á consulta de todo tipo de información por parte do alumnado sería preciso incorporar varios equipos para a consulta á disposición do alumnado xa que actualmente non contamos con ningún. Tamén unha impresora conectada en rede aos equipos.*
- *Equipos ultraportátiles para uso diverso e con posibilidade de desprazamento polo centro para empregar en diferentes espazos. É necesario poder contar con estes equipos para diversas accións que se levan a cabo nos espazos do centro e que non teñen ningún recurso (salón de actos, aula psicomotricidade, pavillón...)*
- *Renovación dos postos de traballo de xestión e administración do centro: postos de secretaria, xefatura de estudos e dirección.*

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Liderado						
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	30% dos titores.					
Valor previsto e data	100% dos titores.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e mentorización sobre o programa AbalarPro	Equipo directivo	01/10/2022	Profesorado do centro. CFR do ámbito do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras na ferramenta AbalarPro	Profesorado do grupo de traballo.	22/12/2022	Dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas.	Persoas titoras.	20/06/2023	Dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestruturas e equipamento						
OBXECTIVO 2:	Actualizar os dispositivos dixitais do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos do centro con hardware desactualizado.					
Valor de partida	20% de equipos do centro con hardware desactualizado.					
Valor previsto e data	80% de equipos do centro con hardware desactualizado.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Determinar as necesidades de cada equipo do centro.	Persoa coordinadora TIC.	01/12/2022	Persoal TIC Dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Actualizar o software dos equipos do centro a una versión máis recente.	Persoa coordinadora TIC.	20/06/2023	Persoal TIC Equipamento Software		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos.	Persoa coordinadora TIC. Persoa secretaria do centro.	15/12/2022	Orzamento Equipamento Persoal técnico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO 3:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado de 2º ciclo de E. Primaria.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente/s implicado/s. (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida	3º de E. Primaria: iniciación ao uso da AV. 4º de E. Primaria: continuidade e aproveitamento da AV.					
Valor previsto e data	6 actividades realizadas co alumnado na AV por docente/s implicado/s					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro.	Persoa coordinadora TIC.	22/12/2022	Persoal TIC Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes na AV do centro.	Profesorado da materia.	31/03/2023	Profesorado centro Actividades creadas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas.	Profesorado da materia.	20/06/2023	Profesorado centro Equipamento Actividades publicadas na AV do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O seguimento da avaliación do Plan Dixital farase conforme ao seguinte procedemento:

- Avaliarase a execución do Plan Dixital de forma trimestral tendo en conta o estado da execución dos obxectivos e das accións establecidas. Levaranse a cabo xuntanzas do equipo de dinamización do Plan Dixital onde se valorarán e analizarán os resultados obtidos, posibles modificacións e propostas de mellora. Así mesmo, levantarase actas de todas as reunións levadas a cabo.
- Levarase a cabo unha avaliación final con carácter anual, preferentemente no mes de xuño, na cal se reflexarán o estado dos obxectivos plantexados e as propostas de mellora para vindeiros cursos.

5. Difusión do plan

A estratexia a seguir para a difusión do Plan Dixital entre toda a comunidade educativa será a través da páxina web do centro. Tamén estará a disposición para quen o queira consultar no centro.